

Administración Local

Municipal

Fene

Servizos Económicos e Tributarios

Convocatoria das subvencións a entidades sen fin de lucro para o exercizo 2009

EDICTO

Bases convocatoria pública de subvencións.

Mediante resolución da Alcaldía núm. 1023/2009, de 29 de decembro, aprobaronse as bases da convocatoria pública de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades sen fin de lucro, ano 2009. O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO , ANO 2009

Disposición Xeral

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder subvencións municipais, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade para prestar servicios e realizar as actividades que complementan ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao formento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

1. OBXECTO E FINALIDADE

Esta convocatoria realízase ao abeiro da “Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Fene” aprobada polo Concello Pleno en sesión extraordinaria que tivo lugar o 30 de marzo de 2007 e publicada no BOP nº 136 de 15 de xuño de 2007.

O obxecto da convocatoria é apoiar ás entidades municipais sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, educativas e festivas, mediante a concesión de axudas económicas con cargo ás seguintes partidas do orzamento prorrogado de 2008:

– 422/489.00 “ANPAS”.- Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro para realizar actividades de promoción educativa, culturais e deportivas nos centros de educación do concello. Consignación: 6.207,00 € Ö importe máximo da subvención será de 1.500,00 €

– 451/489.01 “Entidades culturais non lucrativas”.- Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro para realización de actividades, eventos, escolas culturais así como para, de ser o caso, financiar os gastos correntes de administración xeral das

instalacións propias da entidade. Consignación 29.891,00 € Ö importe máximo da subvención será de 5.500,00 €

→ 452/489.01 “Entidades deportivas non lucrativas”.- Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro para realización de actividades, eventos, escolas deportivas así como para, de ser o caso, financiar os gastos correntes de mantemento de instalacións propias da entidade. Consignación: 39.580,00 € Ö importe máximo da subvención será de 5.500,00 €

451/489.01→ “Outras entidades non lucrativas”.- Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro para a organización de festas parroquiais, gastronómicas e outras actividades de interese xeral ou sectorial. Consignación: 5.996,00 € Ö importe máximo da subvención será de 500,00 €

Se á vista da proposta de concesión é preciso alterar a distribución dos créditos sen superar o importe global máximo, a distribución definitiva publicárase no Boletín oficial da Provincia (art. 58 do Regulamento Xeral de Subvencións).

2. BENEFICIARIOS/AS

Poderán optar a estas subvencións as entidades ou asociacións xurídicamente constituídas, os comités veciñais, as comunidades de bens ou calquera unidade económica ou patrimônio separado que, anque carezan de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se encontren na situación que motiva a concesión da subvención. As agrupacións sen personalidade xurídica deberán nomear un representante com poderes bastantes para poder cumprir as obrigacións que como beneficiário lle correspondan á agrupación; e as ANPAS que cumpran as seguintes condicións:

Carecer de ánimo de lucro.→

→ No caso de asociacións, estar inscrita nun Rexistro provincial ou autonómico de asociacións e desenvolver as súas actividades no termo municipal de Fene.

Non ter→ pendente de xustificación ningunha subvención municipal concedida nos exercicios anteriores ou ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada ou ter desistido de forma motivada e por escrito.

Estar ó día nas súas obrigas tributarias e cõa seguridade social.→

→ Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

3. ACTUACIÓNS SUBVENCIONÁBEIS

3.1.- Ámbitos de subvención:

As subvencións e axudas que se outorgan ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade contribuír ao normal funcionamento do tecido asociativo (bens correntes) así como a realización de actividades de carácter cultural, deportivo, de defensa de dereitos

dos veciños e o mantemento das entidades que as desenvolvan, incluídas as festas patronais/parroquiais, as romarías e eventos deportivos organizados por colectivos sen personalidade xurídica.

Así pódense concretar os seguintes âmbitos subvencionados:

→ Actividades culturais: gastos correntes derivados de celebracións, exposicións, concursos, certames, mostras, excursións, conferencias, estudos, gastos correntes derivados do normal funcionamento da entidade para o caso de ser titulares de locais (luz, teléfono, compras de bens correntes e servizos (consumibles de oficina,etc), etc),escolas culturais, gastos da organización de festas e romarias, e en xeral, actividades dirixidas á conservación, promoción ou divulgación das tradicións e valores culturais propios do Concello de Fene.

→ Actividades deportivas: gastos correntes derivados do funcionamento e participación en campionatos deportivos tales como fichas de inscrición en competicións, desprazamentos, gastos de mantemento de instalacións (luz, teléfono, etc) etc., escolas deportivas, así como a organización doutras actividades deportivas de intereses público.

→ Actividades educativas; gastos derivados da organización de escolas culturais e deportivas, excursións, festivais, e outras actividades de interese educativo.

Serán subvencionables as actividades que se desenvolvan ao longo do exercicio 2009, ou no caso das que duren un curso académico ou tempada deportiva, as realizadas no curso/tempada 2008/2009.

Con carácter xeral, o importe que se ha de subvencionar será como máximo o indicado no apartado 1, sen perxuízo de que o concello poida variar esta cantidade máxima en función do interese dela xustificándoo debidamente no expediente, pólo órgano xestor da subvención.

Non serán subvencionables os gastos derivados da adquisicións de bens inventariables como inmobles, vehículos, equipos informáticos,maquinaria, e , en xeral, os que teñan carácter de investimento ou equipamento. Tampouco son subvencionables os gastos financeiros, notariais, rexistrais, periciais, multas, sancións e recargos administrativos ou penais nin os tributos directos a cargo dos beneficiários.

Non serán subvencionables as actividades suxeitas a um convenio de colaboración co concello ou as que xá recibisen unha subvención municipal directa (contía económica determinada) ou indirecta (trofeos, propaganda, cesión de material,...)

Non poderán ser obxecto de subvencións as actividades subvencionadas no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans doutras administracións públicas, e en concreto da Xunta de Galicia ou Deputación Provincial, cando o importe destas últimas atinxa o 100% de actividade a realizar. Em caso contrario poderá ser subvencionábel e complementario o importe da actividade na contía restante até chegar ao total do importe da actuación.

4. SOLICITUDES

Presentación:

Formalizárase nos modelos de solicitude establecidos e presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou por algunha outra forma establecida no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os interesados estarán exentos de presentar aquela documentación que xá obre en poder da Administración facéndoo constar debidamente na súa solicitude.

Xunto coas solicitudes achegarase a seguinte documentación:

1. Documentación xeral da Entidade:

- a) Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
- b) Fotocópia compulsada da tarxeta do NIF do representante.
- c) Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade segundo modelo aprobado polo Concello.
- d) Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade.
- e) Certificación original acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as súas relacións co concello.
- f) Declaración /certificado de estar ó corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello e coa Seguridade social. Cando a subvención solicitada sexa superior os 3000,00 €, cumprirá achegar as certificacións de estar ó corrente cōas obrigas tributarias e seguridade social.
- g) Certificación acreditativa de:
 - o Número de socios activos da entidade.
 - o Aceptación das bases da convocatoria
- h) Declaración responsábel conforme
 - O representante de non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da Administración pública.

2. Documentación específica da subvención.

- a) Solicitude en modelo oficial conforme os modelos facilitados no departamento de cultura e deportes na que figurará entre outros datos a contía da axuda solicitada, asinada polo presidente ou persoa autorizada, por escrito, polo mesmo.

b) Memoria explicativa das actividades a realizar no ano 2009 e na que se fará constar os obxectivos que se han de acadar así con mención ás persoas beneficiarias directa ou indirectamente, número de actividades e días nos que se desenvolverá.

c) Örzamento de gastos e forma de financiamento previsto, no que ser fará mención expresa ó importe da subvención solicitada ó concello, e as solicitudes ou concesións doutras subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin.

Os comités veciñais presentarán adenais, acta fundacional coa relación dos seus componentes, unha fotocópia do CIF solicitado para o efecto e certificación de conta bancaria aberta para a finalidade.

As entidades deportivas terán que achegar, adenais, certificacións orixinais expedidas polas federacións respectivas acreditando os equipos federados da sociedade na tempada 2008-2009 ou fichas compulsadas dos equipos–deportistas correspondentes á citada tempada.

As entidades que soliciten subvencións para a creación de escolas culturais e deportivas terán que achegar adenais:

a) Memoria explicativa das escolas postas en marcha no curso 2008-2009 con indicación expresa dos seguintes extremos:

o Nome da actividade.

o Instalación na que se desenvolve.

o Enderezo da instalación.

o Datos persoais e titulación do monitor/a da actividade.

o Número de prazas ofertadas e cubertas.

o Listado e idade dos participantes.

o Criterios de admisión.

o Calendario e horario de funcionamento da Escola.

Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no boletín oficial da provincia.

5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES

5.1.- Con carácter xeral

a) As subvencións teñen como obxectivo contribuír ao financiamento das actividades culturais, deportivas e educativas desenvolvidas polas entidades, así como ao seu funcionamento ordinario.

Por actividades culturais enténdense non só os actos puntuais (concertos, recitais, conferencias, etc.), senón tamén o gasto corrente que realicen para o mantemento das instalacións (luz, teléfono, etc.....), as actividades permanentes (material funxíbel ou inventariábel para obradoiros, grupos de creación, etc.) e as propias actividades estables (grupos de teatro, baile...) da asociación.

Por actividades deportivas enténdese o deporte-competición federado, escolas ou obradoiros deportivos, semanas deportivas, actividades deportivas estables e actividades deportivas puntuais..

b) Subvencionaranse preferentemente aquelas actividades que contribúan á normalización da nosa lingua e cultura (entendendo esta contribución no seu sentido máis amplo)

c) A obtención concorrente de subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas en ningún caso poderán ser de tal contía, que superen o custo da actividade, este suposto dá lugar a unha modificación da resolución de concesión.

5.2.- Criterios:

- Destinarase unha puntuación de ata 5 puntos ás entidades culturais non lucrativas que teñan gastos derivados do mantemento de instalacións culturais propias, así como para o mantemento de instalacións deportivas propias das entidades deportivas non lucrativas sempre e cando non exista nessa parroquia instalacións municipais desa mesma tipoloxía.

- Valoraranse, asimesmo:

Número de corais, rondallas e bandas de gaitas. Ata 10 puntos→

Número de grupos de teatro, baile ou música. Ata 8 puntos→

Número de escolas ou obradoiros culturais. Ata 7 puntos→

Número de semanas culturais. Ata 3 puntos→

Número de actividades culturais estables. Ata 5 puntos→

Número de actividades culturais puntuais. Ata 1 punto.→

→ Nas festas e romarías valorarase ata un máximo de 4 puntos (para cada unha delas) em función do interese da festa, carácter permanente.

Número de equipos deportivos colectivos: categorías senior, xuvenil, cadete, infantil, benxamín e prebenxamín. Ata 18 puntos.→

Número de equipos deportivos individuais: valoraranse o número de fichas das diferentes categorías. Ata 18 puntos.—

— Número de adestradores titulados á fronte dos equipos (isto valorarase mediante a presentación da fotocopia do título). Ata 1 punto.

Número de escolas ou obradoiros deportivos. Ata 7 puntos—

Número de semanas deportivas. Ata 3 puntos.—

Número de actividades deportivas estables. Ata 5 puntos.—

Número de actividades deportivas puntuais. Ata 1 punto.—

6. PROCEDENENTO DE VALORACIÓN, RESOLUCIÓN E RECLAMACIÓN DE SOLICITUDES

Instrutor e comisión de valoración

7.1. O/a instrutor/a dos expedientes e programa global será a coordinadora deportiva municipal, Mercedes Justo Pena e como suplente o administrador de instalación deportivas, Javier Varela Vila.

7.2. Corresponderá a avaliación das solicitudes presentadas á comisión de valoración integrada por:

- Carmen Silvar Canosa, que actuará como presidenta. (PSOE)
- Rocío Rey Sampayo
- José Antonio López Rodríguez. (PSOE)
- Rita Couto Sejjido
- Édgar Vigo López. (BNG).
- M^a Pilar Fornos Corral, en representación do PP.
- Manuel Sánchez Martínez, en representación do grupo mixto
- José Manuel Aneiros Landrove que actuará como secretario.

Instrución

Na fase de instrución realizarase unha prefase de avaliación na que se verificará o cumprimento das condicións establecidas nas presentes bases para obter a condición de beneficiario/a. Desta pre-avaliación, o instrutor/a elaborará un informe preceptivo no que se fará constar que, segundo información que obra no seu poder, as/os solicitantes cumpren ou non cumpren os requisitos para ser beneficiarios/as da subvención.

Unha vez avaliadas as solicitudes por parte da Comisión de Valoración, esa deberá formular proposta de resolución. Na proposta de resolución constará o orzamento subvencionado, a subvención proposta e o coeficiente de financiamento.

Resolución das solicitudes

Ó acordo de concesión/denegación das axudas correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

O acordo da Xunta de Goberno Local resolvendo o procedemento notificarase os/as interesados/as no lugar por eles indicado para este fin, nun prazo máximo de três meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Publicidade das subvencións concedidas

Darase publicidade das subvencións mediante publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello, web <http://www.fenecidadan.net>

Cando os importes das subvencións concedidas individualmente consideradas excedan de 3.000 euros publicaranse ademais no Boletín Oficial da Provincia.

Prazo para resolver e efectos do silencio

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder máis de tres meses dende a data de presentación da solicitude no Rexistro de Entrada do Concello, ou a través de calquera outra forma de presentación prevista no artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O transcurso do prazo máximo sen que se notifique a resolución do procedemento os/as interesados/as, lexitima a estes/as a entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

7. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Os/as beneficiarios/as da subvención terán que:

- Realizar a actividade para a que se concedeu a subvención.
- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención cõa presentación dos documentos xustificativos dos gastos realizados.
- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á intervención municipal, así como facilitar a información que o Tribunal de Contas lle requira.
- Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade, inmediatamente despois de que se comuniquen.

- Realizar a propaganda das actividades en lingua galega e sinalar en todo tipo de publicidade as actividades conta co financiamento do concello coa expresión “promove” Concello de Fene consonte coa normativa de identificación corporativa do Concello. As Comisións de Festas comprométense a aplicar os principios establecidos na declaración “Mil festas máis para a lingua galega” subscrita polo Concello de Fene no tocante ao uso da nosa lingua na propaganda, presentación/repertorio das orquestras así como no referente ao uso de bandeiras e demais simboloxía.

- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos casos de incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas para os beneficiarios das subvencións.

Asumir tódalas responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.—

No caso de entidades promotoras de escolas culturais e deportivas estas terán, ademais, as seguintes obrigas:

- Se os monitores reciben unha remuneración polo seu labor docente, a contratación correrá por conta da sociedade e terá que se axustar a algunha das modalidades establecidas na lexislación vixente nesta materia.

- Pagar tódolos gastos que ocasione a actividade.

- Permitir a inscrición a tódolos veciños/as da parroquia con independencia de que sexan ou non asociados da entidade promotora.

- Subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil para monitores e usuarios.

- Colaborar cos técnicos municipais

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou cóna apertura de reintegro da subvención indebidamente percibida.

8. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

As subvencións concedidas aboaranse trala xustificación por parte da entidade . Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento da finalidade da subvención.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada polo beneficiario da documentación achegada.

O prazo de xustificación finalizará, en todo caso, o 15 de xuño de 2010, agás que se solicitara e concedera unha prorroga a solicitude do interesado ou a proposta da unidade xestora.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nas bases ou na prorroga autorizada, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que renuncia á súa petición.

Estos prazos, así como o de presentación de solicitudes, entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Consideracións xerais:

Os gastos xustificandos deberán axustarse os conceptos incluídos no orzamento inicial.

O orzamento subvencionado que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención é o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentado pola entidade.

No caso de ter outras subvencións para o mesmo obxecto que en concorrência coa subvención do Concello teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado será a suma das subvencións.

O gasto xustificando documentalmente deberá acadar , polo menos, o importe do orzamento subvencionado.

Documentación xustificativa:

Para proceder ao pagamento das subvencións presentaranse os seguintes documentos:

1. Memoria xustificativa do programa realizado que avalie os resultados e que terá os seguintes contidos:

Certificación da realización do programa.—

Localización e influencia territorial das actividades.—

Número de actividades realizadas, datas da súa realización e resultados obtidos.—

2. Relación clasificada dos gastos realizados asinada polo Secretario da entidade co visto e prace do seu presidente e con identificación dos acreedores (nome e apelidos e NIF), conceptos de gasto, dos documentos (número de factura ou documento equivalente), importe, data de emisión, data de pagamento e das desviacións acaecidas respecto ó orzamento inicial.

3. Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas.

As facturas deberán de especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ó obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificantes de gasto as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

4. Declaración da totalidade das axudas públicas ou privadas concedidas durante o ano 2009 para o mesmo obxecto, ou, póla contra, declaración de non ter outras axudas para o mesmo obxecto.

Pagamento da subvención

Vista a documentación xustificativa presentada, logo dos informes-proposta dos Departamentos de Cultura e Deportes e do informe da Intervención municipal, o órgano competente valorará que se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso, aprobará os justificantes presentados e ordenará o pagamento.

No suposto de presentar a totalidade da documentación xustificativa e que se certifique o cumprimento dos obxetivos respecto ás previsións iniciais, abonarase a totalidade da subvención.

No suposto de non presentar a totalidade dos xustificantes requeridos ou de non certificar o cumprimento da totalidade dos obxetivos respecto ás previsións iniciais, abonarase de forma proporcional, segundo o importe xustificado ou segundo as desviacións das previsións iniciais.

Disposición adicional

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o R. D 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene.

Fene, trece de xaneiro de 2010

O alcalde,

Asdo. Iván Puentes Rivera

2010/306

DOCUMENTO E

Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento de representante

D/Dona
DNI

,como secretario/a da entidade:

CERTIFICO que na reunión da xunta directiva do ____ de _____ do 20__ acordouse o seguinte:

1. Solicitar as subvencións que figuran na solicitude en modelo oficial que se achega dentro da "convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a persoas físicas e entidades sen fins de lucro, ano 2009".
2. Nomear a d/dona _____, como representante da entidade para as relacións desta entidade co concello relativas á presente solicitude.

E para os efectos oportunos, redacto a presente certificación o ____ de _____ de 20__.

O secretario

Vº e prace
O presidente

Asdo.:

Asdo.:

DOCUMENTO F

Certificado de estar ó corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello e coa Seguridade Social

D/Dona

DNI

, como secretario/a da entidade:

CERTIFICO que:

1. A entidade está ó corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello de Fene e coa Seguridade Social.

E para os efectos oportunos, redacto a presente certificación o ____ de _____ de 20__.

O secretario

Vº e prace
O presidente

Asdo.:

Asdo.:

DOCUMENTO G

Certificación de aceptación das bases e do número de socios activos

D/Dona
DNI

,como secretario/a da entidade:

CERTIFICO que:

1. Coñezo e acepto as bases da presente convocatoria, tanto nos compromisos da solicitude como dos requisitos da posterior xustificación.
2. O número de socios activos a día de hoxe é de _____ .

E para os efectos oportunos, redacto a presente certificación o ____ de _____ de 20__.

O secretario

V^o e prace
O presidente

Asdo.:

Asdo.:

DOCUMENTO H

Declaración do representante

D/Dona
DNI

, como representante da entidade:

DECLARO o seguinte:

1. Que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e que coñezo e acepto as bases da presente convocatoria, tanto nos compromisos da solicitude como dos requisitos da posterior xustificación.

_____, _____ de _____ de 20____

O/A representante

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

A	Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
B	Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante
C	Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade segundo modelo aprobado polo Concello
D	Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade
E	Certificación orixinal acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as súas relacións co Concello
F	Declaración/certificado de estar ó corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello e coa Seguridade social.
G	Certificación acreditativa do número de socios activos da entidade e da aceptación das bases da convocatoria.
H	Declaración responsábel conforme o representante non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da Administración pública.
DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA	
I	Memoria explicativa das actividades a realizar no ano 2009 e na que se fará constar os obxectivos que se han de acadar así como mención ás persoas beneficiarias directa o indirectamente, número de actividades e días nos que se desenvolverá.
K	Orzamento de gastos e forma de financiamento previsto, no que se fará mención expresa ó importe da subvención solicitada ó Concello, e as solicitudes ou concesións doutras subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin.
L	Certificacións orixinais expedidas polas federacións respectivas acreditando os equipos federados da sociedade na tempada 2008-2009 ou fichas compulsadas dos equipos-deportivos correspondentes á citada tempada
M	Acta fundacional coa relación dos compoñentes dos comites veciñais, fotocopia do CIF solicitado para o efecto e certificado de conta bancaria aberta para a finalidade.
N	Memoria das escolas culturais/deportivas postas en marcha no curso 2008-2009.
A documentación á que se refiren nos catro primeiros apartados xa se presentou con anterioridade no Concello e non houbo variación nela.	

O/A PRESIDENTE/A

Asdo.: _____

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DA
CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA
COMPETITIVA, A PERSOAS FÍSICAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO,
ANO 2009**

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

Denominación		CIF
Enderezo		Localidade
Concello	C.P.	Tfno:
Correo electrónico	FAX	Tfno:
Nº rexistro de asociacións de Galicia:		

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Enderezo		Localidade
Concello	C.P.	Tfno:

DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome e apelidos	DNI
Correo electrónico	Tfno:

PROGRAMA QUE SOLICITA:

PROGRAMA	X	CONTÍA DA AXUDA SOLICITADA
Entidades culturais non lucrativas		
Entidades deportivas non lucrativas		
ANPAS		
Outras entidades non lucrativas		

O/A PRESIDENTE/A

Asdo.: _____

DOCUMENTO I

MEMORIA EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES

ENTIDADE: _____

OBXECTIVOS

Nº persoas que se benefician da axuda:
--

RELACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Grupos Culturais ou Equipos Deportivos cos que conta a entidade:

TIPO	NOME DO GRUPO

Adestradores con titulación:

NOME	TITULACIÓN

Escolas ou obradoiros culturais/deportivos

MODALIDADE	PERIODO DE FUNCIONAMENTO E Nº DE MATRICULADOS

